

## **VERTEBRAR - PARA MELLORAR- A XESTIÓN CULTURAL EN GALIZA.**

**Xavier Campos, presidente da AGPXC desde o ano 2011 ao ano 2012**

A creación da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural ten antecedentes, contexto e motivacións claras, que explican por que nace cando nace e da forma en que o fai. Tentarei resumir de forma clara e directa cales son:

1. Estamos no período 2005-2009, cun goberno bipartito na Xunta e cunha Consellería de Cultura -presidida por Ánxela Bugallo (BNG)- que pon en marcha diferentes mudanzas estruturais: créase a AGADIC en substitución do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), elimínase o Ballet Gallego Rey de Viana e créanse o Centro Coreográfico Galego e a política de fomento da danza, articúlase por vez primeira liñas de apoio ao sector musical e a súa promoción internacional (Galician Tunes), apóstase pola posta en marcha do Culturgal como espazo de visibilización da produción cultural galega, créase a Axencia Audiovisual Galega para o fomento estratéxico do *novo cinema galego*, confórmase a Rede Galega de Locais de Ensaio e programacións como a Rede Galega de Música ao Vivo ou a Rede Galega de Salas, a cultura galega vai con selo propio a feiras e mercados como Buenos Aires, Frankfurt, La Habana, Cannes, Berlín...

2. O desenvolvemento de todas as iniciativas e liñas políticas devanditas crea unha necesidade de interlocución cos diferentes sectores. A Consellaría promove e busca o contraste cos sectores culturais para a definición das súas políticas, e estes necesitan articularse ou reforzar as súas estruturas para responder a esa necesidade. É un momento de grande vertebración asociativa: Escena Galega, Asociación Galega de Empresas Musicais, Danza Escénica Galega, Asociación Galega de Empresas Fonográficas, o propio espazo Culturgal... Nese marco de vertebración, un grupiño de

persoas que vimos traballando desde comezos dos anos 2000 no campo das políticas e a xestión cultural tomamos consciencia de que o noso ámbito, o das profesionais da xestión cultural, precisa tamén organizarse. Alberto de Boiro, Olga Nogueira, eu mesmo... comezamos a ter conversas neste sentido, primeiro "de café" e pouco a pouco con vontade de acción.

3. Coñecíamos un antecedente propio, galego: o colectivo Land Rover, que cohesionou a primeira xeración de técnicos e técnicas, nos anos 80, co desenvolvemento das políticas culturais municipais. Aí estaban Pilar de Foz, Manolo Rúa, Gustavo Docampo e tantas e tantos outros. Era un antecedente valiosísimo e a reivindicar, e co que pensabamos había que entroncar dalgunha maneira. Somos un país moi desarticulado, que se coñece e recoñece pouco, e moi tendente ao adanismo, a empezar de cero cada pouco, cando xustamente cómpre sedimentar e construír a partir do coñecemento e aprendizaxe do que xa houbo. Ao tempo, eramos coñecedores do que nese momento se estaba a facer noutros lados. Especialmente as asociacións de xestores e xestoras culturais de Cataluña e de Andalucía, que servían de referencia polo seu bo traballo. A partir desa dupla mirada (Land Rover e as asociacións do resto do Estado) é que decidimos convocar unhas primeiras xuntanzas, no propio IGAEM/AGADIC primeiro e no Auditorio de Galiza, despois, para ir trasladando e ampliando a proposta cada vez a máis persoas. E desde o comezo temos unha idea clara: a primeira presidenta debe ser muller e debe ser da xeración Land Rover, para buscar a continuidade histórica.

4. Con Pilar de Foz á fronte, constitúese a AGPXC. Os obxectivos, desde o comezo, tres ben claros: recoñecemento profesional en tanto xestores e xestoras culturais e situación sociolaboral; interlocución directa coas administracións e emisión de opinión sobre as políticas culturais galegas; e formación e mellora continua da capacitación das e dos profesionais da

xestión cultural en Galiza. Así arrancamós. Para min foi unha enorme alegría constatar que fomos capaces, naquel momento, de poñer en marcha a AGPXC, e tamén de observar, desde diferentes posicións, como foi evoluíndo co paso dos anos. A nivel persoal, aceptei ser presidente durante un breve período, no que xa non estaba profesionalmente vinculado ás políticas públicas da Xunta e no que podía dispoñer de máis tempo para dedicar ao colectivo.

Daquela a hoxe, sigo pensando o mesmo: é necesario sumar, articular e mellorar internamente o campo profesional do que facemos parte para, así, poder axudar a construír un sistema cultural galego mellor, con identidade propia, máis forte e máis planificado. E seguir respondendo á pregunta clave: que cultura e para que sociedade?